

# Emilia Pardo Bazán

*A hora dos contos*

Unidade didáctica  
Educación primaria  
Profesorado

Patricia Angulo Miró



Casa-Museo



EMILIA  
PARDO  
BAZÁN

Esta unidade didáctica foi elaborada dentro do programa **Sinalarium** financiado integramente pola Deputación da Coruña.

**Edita:**  
**Real Academia Galega**

**DOI:** <http://doi.org//10.32766/rag.376>

© Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 2020

© Patricia Angulo Miró, 2020

**Casa-Museo Emilia Pardo Bazán**

Rúa Tabernas 11

15001 - A Coruña

Tlf. 981 20 73 08

[casamuseoepb@academia.gal](mailto:casamuseoepb@academia.gal)



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**



**Deputación  
DA CORUÑA**

El cuento es una chispa, un rayito de sol... pero en él cabe un mundo. *La Lectura. Revista de Ciencias y Artes* II/1901.

*Sinalarium* é un proxecto financiado pola Deputación da Coruña no que traballa a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán para desenvolver actividades e recursos que potencien a dignificación da vida e da obra da escritora coruñesa. A través do programa *Sinalarium* propoñémonos visibilizar a súa figura, achegala aos mais novos e poñer en valor as mulleres como pezas fundamentais na configuración da sociedade galega, de xeito que se recoñeza o seu papel social, artístico e cultural.

A programación que aquí presentamos ten como obxectivo descubrir, coñecer, interpretar e reinterpretar contos de Emilia Pardo Bazán, acercando as súas historias aos escolares de educación primaria, como un primeiro contacto coa literatura da escritora. Pretendemos que os contos recollidos nesta unidade didáctica penetren na conciencia dos mais novos para que poidan atopar a mensaxe que neles se transmite.

Os contos constitúen un dos mais eficaces instrumentos para iniciar as nenas e nenos na lectura. Estas pequenas narracións de feitos imaxinados ou reais, e que, protagonizados por grupos de personaxes reducidos teñen un argumento sinxelo, son un recurso importante para introducir os escolares no recoñecemento de valores, actitudes...

Cando falamos da obra literaria de Emilia Pardo Bazán non podemos esquecer a enorme variedade de contos que escribiu ao longo da súa vida: máis de 600 con temáticas tan diferentes como o amor, a terra, as lendas, os costumes, os crimes, as manías e obsesións, o medo, a violencia, a infancia, os animais... Coñecemos a través dos contos da escritora o mundo no que viviu, as viaxes, as lecturas, os faladoiros, as normas de comportamento...

Non foi Emilia Pardo Bazán unha escritora dedicada á literatura para a infancia, e ela mesma así o declarou:

Sería muy de destacar la aparición de un tomo de cuentos de niños [...], con la sencillez necesaria para que los niños los entendiesen, y en suma con los requisitos indispensables, a fin de que la obra remediase una urgente necesidad y tapase un hueco en nuestra bibliografía. El libro alcanzaría, de seguro, extraordinario éxito y repetidas ediciones. *La dama joven* (1884).

Non obstante, algúns dos contos de Emilia Pardo Bazán atopados recentemente en xornais e revistas da época poderían adaptarse ao público infantil polas súas temáticas. Por iso, esta programación ten como obxectivo o coñecemento de dous deses contos e o seu traballo na aula.

La forma primaria de la novela es el cuento, no escrito, sino oral, embeleso del pueblo y de la niñez. Cuando al amor de la lumbre, durante las largas veladas de invierno, o hilando su rueca al lado de la cuna, las tradicionales abuela y nodriza refieren en incorrecto y sencillo lenguaje medrosas leyendas o marales apólogos, son...¡quién lo diría!... precedentes de Balzac, Zola y Galdós. *La cuestión palpitante* (1882).

As actividades propostas para cada conto son orientativas e extrapolables a outras materias. De xeito xeral, procuran o interese pola lectura, o coñecemento e o entendemento dos temas que tratan e conducir ao razoamento através da pescuda e o xogo. A proposta de actividades terá en conta dous tramos de idade e, polo tanto, dous tipos de actividades diferentes para cada tramo.

Seleccionamos os seguintes títulos:

- ~ “El lorito real”, *Semanario Dosimétrico Ilustrado* 24/VI/1893
- ~ “La sombra”, *Pluma y Lápiz* 5 (1900)<sup>1</sup>

A maioría das propostas poden ser utilizadas nos cursos de educación primaria recomendados, se ben o profesorado pode adaptalas ao seu alumnado, sempre buscando o maior aproveitamento.

## Obxectivos

- ~ Achegar a figura da escritora aos escolares para un primeiro contacto.
- ~ Amosar mediante a biografía da escritora os aspectos máis relevantes da súa vida persoal e literaria.
- ~ Utilizar as súas propias palabras para dar a coñecer o contido da súa vida e obra.
- ~ Desenvolver a sensibilidade e a actitude crítica, valorando o diálogo como instrumento de comprensión das vidas alleas noutros contextos sociais e históricos.
- ~ Descubrir espazos museísticos novos, como as Casas-Museo, onde se dan a coñecer a vida e a obra dun personaxe concreto.

1 Os contos pódense atopar nas seguintes ligazóns: “El lorito real”, <http://revistalatribuna.gal/index.php/TRIBUNA/article/view/86/83>, e “La sombra”, [http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/la-sombra--o/html/ffb6e97c-82b1-11df-acc7-002185ce6064\\_2.html#L\\_O\\_](http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/la-sombra--o/html/ffb6e97c-82b1-11df-acc7-002185ce6064_2.html#L_O_). Os contos pódense adaptar en función da idade do alumnado, para o seu traballo na aula.

# Biografía de Emilia Pardo Bazán

Emilia Emilia Pardo Bazán naceu na Coruña o 16 de setembro de 1851. Afeccionada á lectura desde moi pequena, sentía unha curiosidade que non ía abandonar durante toda a súa vida e que a levaría a se converter nunha grande da intelectualidade.

A súa infancia transcorre entre libros e viaxes, que enchen a súa mente de coñecementos e a súa curiosidade de inquedanzas. Convértese nunha gran lectora, lendo todo o que chega ás súas mans.

Gústalle pasear polas rúas da súa cidade, ir aos Cantóns e ver as estatuas que adorna o paseo, ou á biblioteca a escoller libros para levar á casa. Vai visitar as amizades dos seus pais, ou ao circo, que de cando en vez se instala na cidade; unha cidade cuxo nome transformará nalgunha das súas novelas.

Aos seis anos marcha vivir a Madrid, onde estudará nun colexio francés. Será este o primeiro idioma estranxeiro que coñeza, mais non o único, xa que ao longo da súa vida aprendería diferentes linguas, nas que podería ler autores clásicos na súa lingua orixinal.

De regreso a Marineda, os seus pais consideran que debe continuar a súa educación, polo que os profesores acoden á casa da rúa Tabernas. Ten as súas disciplinas favoritas, entre elas, as relacionadas coa lectura.

Con trece anos escribe a súa primeira novela, que leva por título *Aficiones peligrosas*; unha novela na que Emilia xa escribe sobre o dereito das mulleres á educación e sobre os perigos das malas lecturas, isto é, das afeccións perigosas. É o inicio da súa impresionante obra! Ás súas mans comezan a chegar novas obras literarias de gran valor. Seu pai facilítalle moitas das súas lecturas, outras terá que lelas ás agachadas.

A súa paixón pola literatura estancouse en 1868, ano en que casou con José Quiroga, con quen tivo tres fillos. Despois da voda, dedicaron varios anos a viaxar por algúns países de Europa. En canto volveron a Marineda, Emilia retomou os seus escritos. Comeza a ser cada vez máis coñecida debido ás súas publicacións en xornais e revistas galegas. Tamén escribe un ensaio sobre a obra do Padre Feijoo, un dos homes galegos de ideas ilustradas máis importantes da nosa historia.

En Francia descubriu e estudou o naturalismo a través das obras do escritor Émile Zola. Este estilo literario pretendía representar a realidade cunha obxectividade documental, mediante a observación e a análise das persoas e das situacións. Emilia escribe unha novela onde as protagonistas son as mulleres traballadoras da fábrica de tabacos da súa cidade. *La Tribuna* será unha das primeiras novelas naturalistas en España. Nela, ademais, aparece por primeira vez o nome de Marineda.

*La Tribuna* é tamén o inicio dunha sucesión case infinita de escritos, aínda que a súa novela máis coñecida é *Los Pazos de Ulloa*, grazas á que conseguiu un recoñecemento unánime dos intelectuais. Anos despois da publicación desta novela, marcha vivir definitivamente a Madrid coa súa familia. Na capital pasará os invernos e as primaveras, mentres que nos veráns e nos outonos volverá a Galicia, ás súas Torres de Meirás.

Na súa nova vida madrileña, Emilia concéntrase en coñecer os intelectuais da época, escribir novos textos literarios e conseguir un recoñecemento e uns dereitos para as mulleres que daquela non existían. O primeiro deles foi a súa admisión como socia do Ateneo de Madrid, a institución máis importante do país naquel momento.

Emilia foi tan boa escritora como calquera escritor da súa época, ás veces incluso mellor e, sen lugar a dúbidas, ten unha inxente bibliografía: 36 novelas, 18 novelas curtas, 8 libros de viaxes, 7 obras de teatro, 600 contos e máis de 2 000 artigos de prensa. Aínda hoxe en día seguen aparecendo textos dela descoñecidos que seguen poñendo de manifesto a súa capacidade de escribir e as súas múltiples e variadas maneiras de facelo.

Novelas, artigos de periódico, contos, poemas, ensaios, crítica literaria, traducións... ata case completar todos os xéneros da narrativa. O seu traballo foi a súa vida. Ademais de ler continuamente e escribir, deu conferencias e organizou e participou en cursos de literatura . Os recoñecementos chegarlle co paso do tempo. En 1910 nomeárona conselleira do Ministerio de Instrución Pública, un cargo no que ela defendeu a educación para as mulleres e a súa inclusión en postos de traballo semellantes aos dos homes.

Este cargo foi un dos primeiros recoñecementos que recibiu como escritora e como muller que logra as súas aspiracións; foi o premio ao seu traballo e ás súas capacidades. Un dos momentos máis importantes da súa vida chega cando a nomean catedrática de Linguas Neolatinas na Universidade Central, hoxe Universidade Complutense de Madrid.

Aínda que intentou, ata en tres ocasións, entrar na Real Academia Española, nunca o conseguiu pois as mulleres non podían formar parte desa institución. Mais si que a nomearon presidenta de honra da Real Academia Galega.

O seu esforzo e os seus méritos serviron para conseguir numerosos recoñecementos e un lugar propio na historia das letras. Moitos souberon recoñecer a súa valía no ámbito da literatura e da igualdade.

Con 69 anos continuaba escribindo e amosando as inquedanzas que a acompañaron ao longo da súa vida. O 12 de maio de 1921 pousou a súa pluma para sempre, deixando un espazo baleiro e un mundo por coñecer da man desta grande escritora.



# **OS CONTOS**

**Caderno para o professorado**





# El lorito real

¡Si supieseis qué alegre se puso Tina Gutiérrez cuando su padrino la regaló el día de Santa Tina (que era en el calendario el de Santa Florentina) un juguete vivo, que corría, se movía, mordía y chillaba: un loro preciosísimo, comprado cerca del Teatro Español, allí donde están expuestos en sus jaulas tantos avechuchos, canarios, palomos, guacamayos, monitos y perros!

Con mil transportes de gozo, Nené se propuso consagrarse a labrar la felicidad de su loro, cuidando de limpiarle la jaula, mudarle el agua, evitar que viese ni desde una legua el perejil (ya sabéis que el perejil mata a esos bichos), y traerle garbanzos bien cociditos, bizcocho y otras golosinas.

La verdad es que el lorito era una monada. Tina no cesaba de alabarle. ¡Qué diferencia entre él y las estúpidas de las muñecas, que no daban a pie ni a pierna, se estaban eternamente en la misma postura, y para que abriesen o cerrasen los ojos había que tirarles de un cordelito!

El loro hacía mil morisquetas chistosas: alzaba una pata; se rascaba el moño; cogía los garbanzos y los trituraba con el pico; se enfadaba; se erguía; intentaba morder, y aunque en lo de hablar no estaba tan fuerte, ya iría aprendiendo —decía Tina—, que se había declarado profesora del loro.

A fuerza de repetirle a Perico (este fue el nombre que le pusieron) algunas palabras y luego algunas frases, el animalito daba esperanzas de aprenderlas.

“Lorito real” —le decían— y él graznaba: “¡Lorrito!”, o cosa semejante.

“¡Rico! ¡Ric...co! ¡Precioso! ¡Prerrccios!”.

Sin embargo, o la tardanza del loro en aprender, o la poca paciencia de Tina, eran causa de que se eternizase la educación aquélla. Perico no pronunciaba bien claro, y Tina, que aquí en confianza os diré que estaba bastante mimada y consentida por sus papás, y tenía muy bien puesta la costumbre de que en todo se la cumpliera volando el santo gusto, empezó a rabiar y a enfadarse con el discípulo torpe.

Ya, en vez de repetirle las palabras cucas de al principio, sólo le decía otras muy feas, mil insultos que la salían de la boquita como sapos de una rosa: “¡Asno! ¡Sabandija! ¡Estúpido! ¡Panoli! ¡Idiota! ¡Borracho! ¡Indecente! ¡Puerco! ¡Bruto! ¡Porra! ¡Demonio!”. Etcétera, etcétera.

Y se las decía con tal ahínco y tal furia, que el loro las repetía mucho más claro que las otras.

Si me preguntáis cómo Tina, una niña de familia respetable, podía haber aprendido tales nombres y palabrotas tan ordinarias, os contestaré que la ordinariez es igual que el barro de la calle: sale uno muy cepillado y limpio, lleva cuidado de no ensuciarse... y, vaya por Dios!, vuelve uno a casa con el bajo del vestido lleno de motas.

De oír a los criados, de escuchar conversaciones al paso, ¡se aprende cada atrocidad! Por eso no sirve de nada el impedir que lleguen a vuestros oídos: lo único que se puede hacer es explicaros bien que son cosas malas y que si se oyen, no se repiten. Y vuelvo a Tina y a su discípulo.

Pues sucedió que un día, el padrino de Tina, el que había regalado el loro —y por cierto que le costó quince duros—, tuvo el capricho de enterarse de los adelantos que en hablar había realizado

Periquín. Acercóse a la jaula, y Tina, algo confusa, colorada y con la cara de mojigata que ponía siempre que precisaba esconder una picardihuela, alzó el dedo y dijo al loro: “¡Lorito real!”. Y el loro callado. “¡Rico!”. Y el loro como si fuera de piedra. “¡Monín!”. Lo mismo que un tronco.

-Vaya, creo que te traje un loro tonto –dijo el padrino, convencido de que el loro era incapaz de articular una sílaba. Oír el loro la palabra tonto y abrir el pico y arrojar al padrino de Tina con bastante claridad las mayores porquerías e insolencias de su repertorio, fue todo uno.

“¡Memo! ¡Cochino! ¡Calabaza! ¡Timador! ¡Ladrón! ¡Rata! ¡Esperpento!” y otras lindezas.

-Oye, chica, preguntó el padrino a su ahijada, cogiéndola una orejita. -¿Me quieres decir quién le enseña a este pajarraco a insultar a la gente?

-Paa...drii...no... yo... no... fui... Es que él... es... así... muy... malo... muy infame... muy perdido... Castíguele usted... ¡Déle usted azotes, padrino, que todo se lo merece!

-A ti –exclamó gravemente el padrino volviéndose hacia los padres de la niña- es a quien habría que castigar; que el discípulo no es responsable de lo que le enseña el maestro. ¿Por qué le echas la culpa al pobre animalito?

Mañana saldrás tú al mundo, y a tus padres y a los que te educan habría que darles la azotaina, si a las primeras de cambio disparases una retahíla de desvergüenzas como las que de ti aprendió Periquín.



# Proposta de actividades

1º, 2º e 3º de educación primaria

## Actividade 1

---

Acabades de coñecer unha nova historia, neste caso a de Tina e o seu papagaio. Un conto é unha pequena historia con poucos personaxes, mais con todas as partes de calquera relato. Intentade ordenar as seguintes partes do conto buscando a secuencia correcta.

•	O papagaio facía mil cousas chistosas
•	A Tina regaláronlle un papagaio
•	Tina propón castigar o papagaio
•	O padriño vai visitar a Tina e a Periquín
•	Perico só di dúas ou tres palabras e Tina perde a paciencia
•	O padriño de Tina enfádase con ela


**Solución:**

**2, 1, 5, 4, 3, 6**

### Debuxando os personaxes

Non só Perico se fixo famoso; houbo outros papagaios moi coñecidos, como Ravachol, na cidade de Pontevedra; aínda hoxe en día se celebra o Entroido na súa honra. Emilia coñeceu a Ravachol, así que pode ser que estea a falar del neste conto...

Propoñémosvos que creedes o voso animal ideal. Imaxinade as súas cores, o seu peteiro, os seus dentes, as súas branquias... Debuxádeo e poñédelle un nome.




## Actividade 3

---

### Sopa de letras

Localizade na sopa de letras as seguintes palabras que aparecen no conto:









**gaiola, padriño, Tina, xoguete, perexil, ave, papagaio, animal**



## Actividade 4


### O diálogo

Imaxinades como sería un diálogo entre Tina e Perico? Seguro que Tina era unha rapaza caprichosa e impaciente. Vós sabedes que a educación e as boas maneiras son importantes, así que nesta actividade debedes escribir a escena na que Tina consegue que Perico fale correctamente, con respecto e educación.

### Bestiario na escola diálogo

Hai artistas que crean bestiarios, que son coleccións de animais fantásticos. Nesta actividade imos xogar coa nosa imaxinación para inventar novas criaturas que formen o bestiario da nosa aula. Que vos parece crear un *mosquidriilo*? Liberade a vosa creatividade e imaxinade novos animais. Poden ser a mestura de dous que xa existen ou ser orixinais. Pensade cales son as súas capacidades, en que medio viven, que comen, por que son únicos...



**Nome do animal:**

**Características:**

---

---

---

---

# Proposta de actividades

4º, 5º e 6º de educación primaria


## Actividade 1

---

### Ser vivo ou xoguete?

O conto comeza coa seguinte frase: “¡Si supieseis qué alegre se puso Tina cuando su padrino la regaló un juguete vivo, que corría, se movía, mordía y chillaba...” .

Volvede ler a frase con calma e reflexionade sobre o que significa **xoguete vivo**. Credes que un animal pode ser un xoguete vivo? Cada ano realízanse campañas nas que se fai fincapé precisamente no contrario: un animal non é un xoguete. Pensade e procurade realizar cada un de vós unha frase, un slogan, un deseño... sobre este tema tratando de reflectir o mellor posible esa idea.





### Animais famosos


Na cidade de Pontevedra viviu un papagaio moi famoso chamado Ravachol. Aínda hoxe en día se celebra o Entroido na súa honra. Era propiedade dun boticario, e o azar fixo que morrese no Entroido do ano 1913. Nas súas honras fúnebres participou toda a cidade. A partir dese momento, cada ano, coincidindo con esta festa, os pontevedreses volven homenaxear a Ravachol e cada mércores de cinza relémbralo o seu enterro.

Hai outros animais que tamén se fixeron famosos. Investigade a través de Internet a historia dalgún deles. Escribide unha breve nota sobre ese animal.

Area de escritura con liñas horizontais e un contorno de puntos.

# Encrucillado

Atopa a través do encrucillado algunhas das palabras máis importantes desta historia.



### Horizontais

1. Ave propia dos países cálidos, da que existen varias especies, que se caracteriza por ter o peteiro forte e curvo, dedos moi longos cos que leva a comida á boca e plumas de diversas e vivas cores, e que, domesticada, é capaz de imitar a fala humana.
3. Obxecto que serve para xogar.
6. Ser vivo orgánico con capacidade para moverse e dotado de sensibilidade.
8. Caixa feita de arames, barras ou paus, para ter dentro animais, especialmente animais salvaxes e paxaros.

### Verticais

1. Aquel que presenta a quen recibe o sacramento da confirmación, do matrimonio, da ordenación e, por excelencia, do bautismo.
4. Facer adquirir a alguén o coñecemento ou a práctica de [unha cousa].
5. Acción e efecto de castigar. Corrixir [unha falta] mediante un castigo.
7. Relativo ou pertencente a un rei, a unha raíña ou aos reis. [Animal, planta] que posúe certas características, xeralmente sobresaíntes, que o distinguen doutros con que está emparentado.

## Solución

### Horizontais

1. Papagaio
3. Xoguete
6. Animal
8. Gaiola

### Verticais

1. Padriño
4. Ensinar
5. Castigo
7. Real

# Un bestiario na escola

Os bestiarios creáronse na época medieval. Eran representacións de animais fantásticos onde se relataban as aventuras das que eran protagonistas. Cada novo animal tiña unhas características propias e as aventuras tiñan un carácter moralizante.

Construíde entre todos un bestiario, unha recompilación de animais fantásticos creados por vós. Luís Seoane creou un marabilloso; buscade información sobre el.

Intentade atopar información sobre os bestiarios e deixade voar a vosa imaxinación para crear novos animais. Podedes outorgarlles características que os fagan únicos. Que vos parece crear un *mosquidrilo*?

**Nome do animal:**

**Características:**

---

---

---

---

# A historia máis pequena do mundo

Unha das características do conto é a súa extensión, un relato breve de non máis de folio e medio. Esta actividade aínda esixe ir un pouco máis aló, pois incide no exercicio da capacidade de concentrar a significación e reducir ao mínimo a extensión, verificando que a comprensión foi correcta. Para iso cada un dos alumnos e alumnas da aula deberá escribir un texto que, co menor número de palabras, resuma mellor o conto.



A rectangular writing area defined by a dotted border. Inside the border, there are ten horizontal lines spaced evenly, providing a guide for writing a short summary.

# La sombra

Aquel rey Artasar, que, después de Suleimán o Salomón, fue el más poderoso y el más opulento del orbe; aquél que soñó tener un palacio como jamás se hubiera visto, para albergar en él las magnificencias de su corte y las fantásticas riquezas de su tesoro, alimentó también otro sueño, más modesto en apariencia, pero de realización infinitamente más difícil: el de aumentar su estatura. Porque conviene saber que Artasar el Grande y el Temido era de muy corta talla, y en aquellas edades heroicas se rendía culto a la exterioridad de la fuerza y de la robustez corporal. Y cuando Artasar, descendiendo de su palanquín de cedro, marfil y oro, se dirigía solemnemente al templo en que sus antecesores los Magos habían adorado al Dios vivo y donde aún persistía este santo culto, y el pueblo formaba doble muralla para ver pasar al rey, éste sufría cruelmente en el amor propio al comparar la proyección de su sombra, diminuta y sin majestad, con la de los hercúleos oficiales de su guardia nubiana, o la de los hermosos arqueros del Cáucaso, que le precedían abriendo calle. Como una especie de bufón grotesco que fuese a su lado inseparablemente, burlándose de su grandeza nominal, la ironía de su reducida sombra le acompañaba a todas partes.

Para evitar tan triste efecto, ideó Artasar que le construyesen un calzado de suelas quíntuples y que ciñese sus sienes una especie de monumental tiara. Y fue, como suele decirse, peor que la enfermedad el remedio, porque las suelas remedaban un zócalo ridículo y hacían embarazoso y torpe el andar del rey, que parecía ir en zancos; mientras que la tiara, agobiándole con su peso, le obligaba a inclinar la cabeza, y en la sombra adquiría formas extrañas, provocantes a risa.

Desesperado Artasar, abrumado por la mortificación de su vanidad, que sufría cada vez que se mostraba en público, apeló a no salir de su palacio nunca. En el recinto del palacio se encerraban amenísimos jardines y bosquecillos frondosos, y Artasar, solazándose en ellos, fue olvidándose de estudiar la proyección de su sombra y de compararla a la de los demás mortales. Y así que dejó de preocuparse de cómo era su sombra, recobró la tranquilidad del espíritu, la calma del corazón, la alegría de las horas serenas y felices. ¿Qué le importaba su sombra? ¿Acaso la sombra le impedía disfrutar del ruido del agua, de la frescura de las enramadas, de los acordes de las cítaras, de los ojos de gacela y los labios de miel de las cautivas? ¿Acaso le vedaba el goce del estudio, la plenitud intelectual? Un día Artasar recordó, miró a su sombra... y se reconcilió con ella; ya no era irónica, ya no le humillaba; aquella sombra se parecía a todas; era una sombra inofensiva, natural; una sombra buena..

Y Artasar, llamando al escriba que recogía en enceradas tablillas los hechos culminantes del reinado y las máximas formuladas por el monarca para reunirlos en un libro que eclipsase al de los Proverbios de Suleimán (¡lástima que estas tablillas se hayan perdido!), le dictó la sentencia siguiente:

«Cuando andamos entre los hombres, no existimos sino por el tamaño de nuestra sombra. Cuando nos retiramos, nos hace vivir la capacidad de nuestra alma».

# *Proposta de actividades*

**1º, 2º e 3º de educación primaria**

## **Actividade 1**

---

### **Pensa e reflexiona**

Despois de ler o conto, responde as seguintes preguntas:

- Quen foi Artasar?
- Cal era a súa característica física mais destacable?
- Que ideou para parecer máis alto?
- Por que se escondeu no seu palacio?
- Como conseguiu esquecerse da súa sombra?
- Que pensades que non quería amosar?
- É realmente importante o aspecto físico das persoas para a vida?

## Actividade 2

---

### Imaxina a Artasar


A lectura permítennos imaxinar os personaxes. Aínda que Emilia nos fala dalgunhas características do rei, se cada un de vós imaxina o protagonista dunha maneira diferente.

Intentade debuxar o rei Artasar e a súa sombra e describídeos con catro adxectivos.

Como credes que era Artasar? Valente, tímido, caprichoso? E a sombra? decidida, abusona...?

**Artasar**

**A sombra**



1

---

2

---

3

---

4

---

1

---

2

---

3

---

4

---

### A lectura equivocada

A través desta actividade propoñemos que a lectura non sexa tan só escoitada, senón que entendan o que lemos. Por iso realizamos unha segunda lectura do conto, no que o profesorado deberá incluír erros na lectura en voz alta, nomes diferentes, situacións inventadas... e cando o alumnado identifique eses erros diga: “Equivócaste!”.

Exemplo:

Aquel príncipe Artasar foi o máis poderoso e o máis opulento do orbe; aquel que soñou ter un castelo como xamais se viu, para albergar nel as magnificencias da súa corte e as fantásticas riquezas do seu tesouro, alimentou tamén outro soño, máis modesto en aparencia, pero de realización infinitamente máis difícil: o de aumentar a súa estatura. Porque convén saber que Artasar o pequeno e o Temido era de moi curta talla e naquelas idades heroicas rendíase culto á forza e robustez corporal. E cando Artasar subía ao seu trono de marfil e ouro, sufría cruelmente no amor propio ao comparar a proxección da súa sombra, enorme e magnífica, coa dos seus oficiais, o que provocaba a envexa destes.

Para evitar tan triste efecto, ideou Artasar que lle construísen unhas botas e unha pequena coroa. E foi peor, xa que o novo calzado o facía aínda máis pequeno e provocaba que o seu andar fose embarazoso e torpe, mentres que a coroa o obrigaba a inclinar a cabeza, e a sombra adquiría formas estrañas, provocando o pranto a quen o vise.

Desesperado Artasar, que sufría cada vez que se amosaba en público, apelou a non saír do seu palacio nunca. No recinto encerrábanse amenísimos xardíns e fragas vizosas, e a sombra deixou de preocuparlo. Un día viu como a súa sombra se despegaba do seu corpo e botaba a voar... Que lle importaba a súa sombra? Acaso a sombra lle impedía gozar do ruído da auga, dos acordes da música, dos animais? Acaso non podía estudar, ler? Un día Artasar botou en falta a súa sombra, chamouna... e reconciliouse con ela. Xa non o humillaba: aquela sombra parecíase a todas. Era unha sombra inofensiva, natural; unha sombra boa.

E Artasar, chamando o escriba que recollía en enceradas taboiñas os feitos culminantes do reinado, ditoulle a sentenza seguinte:

«Cando andamos entre os homes, non existimos senón polo tamaño do noso corpo. Cando nos retiramos, fainos vivir a capacidade da nosa alma».



## A mensaxe oculta

Igual que as sombras se agochan e ás veces desaparecen, as letras desta actividade desapareceron e no seu lugar non quedan máis que números. Se queredes atopar a mensaxe oculta, substituíde cada número pola súa letra. Repite a mesma operación ata completar a frase.

Cando saibades o que nos di, intentade aprendelo para repetilo sen vos trabucar. Como se chama este tipo de frases?

A	1	M	11	X	21
B	2	N	12	Z	22
C	3	O	13	?	23
D	4	P	14		
E	5	Q	15		
F	6	R	16		
G	7	S	17		
H	8	T	18		
I	9	U	19		
L	10	V	20		

19 12 8 13 11 5 18 13 3 13 19 13 17 5 19

13 11 2 16 13 11 9 16 1 12 4 13 1 17 19 1

17 13 11 2 16 1 18 13 3 13 19 13 18 9 11 2 16 5

5 18 9 11 2 16 13 19

15 19 5 13 11 2 16 13 18 13 3 13 19 13 8 13 11 5

15 19 5 11 9 16 13 19 1 17 19 1 17 13 11 2 16 1

5 18 9 11 2 16 13 19 13 18 9 11 2 16 5 23

**Solución:** falta a vogal *o*

Un home tocou o seu ombro mirando a súa sombra, tocou o timbre e timbrou. Que ombro tocou o home que mirou a súa sombra e timbrou o timbre?

### Palabras ao revés

Igual que as sombras proxectan as nosas siluetas, existen palabras que tamén parecen proxectarse e se poden ler tanto de esquerda a dereita como de dereita a esquerda, aínda que segundo como se lean o significado é diferente.

Fixádevos: se a palabra é **Roma**, como se le ao revés? **Amor**

Agora intentade ler ao revés as seguintes palabras. Despois intentade formar palabras novas:

RISA	ASIR
RATA	
RARO	
ODIO	
OÍR	
ANIMAL	
...	
...	

### Solución

ASIR, ATAR, ORAR, OÍDO, RÍO, LÁMINA

RISAASIR

### Que contan as sombras?

Seguimos con contos e facendo historias. Unha maneira moi divertida de crear historias é utilizando dúas palabras que sexan moi diferentes entre elas, é o que chamamos binomio fantástico. Escollede dous/dúas compañeiros/as da clase que deberán escribir, sen falar entre eles, cada un unha palabra nun papel. Unha vez escritas teñen que dicilas en voz alta ao resto da clase para, a partir desas dúas palabras, inventar cada un de vós un relato.

Nota: as palabras que deben ser completamente diferentes. Se as que din os rapaces teñen semellanzas teñen que cambiar unha delas. Os escolares mais pequenos poden comezar a actividade utilizando un só binomio, mentres os grupos de mais idade poden utilizar máis de un.


Exemplo de binomios: árbore- armario, chuvia- seco

### Para saber máis

Velaquí tedes algún dous libros que traballan coas sombras, que inventan situacións a través das sombras, que permiten crear e imaxinar. Con estes libros poderedes xogar coas sombras para despois crear a vosa propia sombra.



*Sombras*, de Suzy Lee. Editorial Barbara Fiore. <https://www.barbarafioreeditora.com/catalogo/libros/sombras>



*Encender una luz*, de Ana Bonilla Rius. Editorial Océano Travesía. <https://issuu.com/editorialocanodemxicosadecv/docs/8202c?mode=embed&layout=http://skin.issuu.com/v/color/layout.xml&background-color=000000&showFlipBtn=true>

# Proposta de actividades

4º, 5º e 6º de educación primaria

## Actividade 1

---

### Pensa e reflexiona

Tras a primeira lectura do conto plantéase aos escolares unha batería de preguntas que leven a intentar reflexionar sobre o tema. O conto amosa un tema importante para tratar cos rapaces e rapazas destas idades: o aspecto físico.

Despois de ler o conto, responde as seguintes preguntas:

- Quen foi Artasar?
- Cal era a súa característica física mais destacable?
- Que ideou para parecer mais alto?
- Porqué se escondeu no seu palacio?
- Como conseguiu esquecerse da súa sombra?
- Que pensades que non quería amosar?
- É realmente importante o físico das persoas para a vida?
-

## Actividade 2

### Quen son eu? quen son os demais?

Ás veces só vemos as partes máis negativas de cada un de nós e esquecemos as cualidades positivas, que, sen dúbida, son as que temos que coidar e valorar. Describete en catro palabras, como te ves a ti mesmo/a?

Nome:.....	
1.	3.
2.	4.

Agora chegou o momento de dicirlles aos vosos compañeiros/as unha palabra amable, unha cualidade habilidade, destreza... algo que vos gusta de cada un deles. Para iso, enchede este cadro co nome dos vosos compañeiros de clase e axuntádelle a súa caraterística principal. A todos nos gusta escoitar unha palabra amable da nosa sombra...

	Nome	Cualidade, destreza, habilidade
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		

I3		
I4		
I5		
I6		
I7		
I8		
I9		
20		
21		
22		
23		
24		
25		

Algúns destes adxectivos poderían utilizarse como guía de exemplos para os participantes:

Comunicativo/a - fiable- capacidade de escoita- organizado/a - auténtico/a - afectuoso/a- independente - solidario/a - sabe bailar - fai amigos rápido - simpático/a - sensible - sentido do humor - alegre - expresivo/a - traballador/a - bo/a estudante - creativo/a - sabe falar en público - valente - paciente - capacidade de concentración - xeneroso/a - orixinal - axuda aos demais... e todo o que se vos ocorra.

## Actividade 3

---

### A sombra

O dicionario da Real Academia Galega define a palabra sombra do seguinte xeito:

1. Zona máis escura que se forma cando un corpo opaco impide o paso da luz, en especial a do Sol.
2. Falta de luz, en especial da do Sol.
3. Zona menos clara, ou escura de todo, nunha superficie.
4. Forma pouco precisa de algo, do que só se perciben os contornos.

Tendo en conta estas definicións, intentade escribir unha frase utilizando a palabra sombra con cada un dos seus significados.

.....

1.

---

2.

---

3.

---

4.

.....

Coa palabra sombra tamén formamos outras frases ou expresións, por exemplo: sombras chinescas, sombra de ollos ou facer sombra a alguén. Facede unha frase con estas tres expresións, coñecedes algunha máis?

.....

1.

---

2.

---

3.

.....

#### Posibles solucións:

- |   |  |
|---|--|
| 1. Aí dáche a sombra  | 1. Aprendeu a facer figuras moi complexas coas sombras chinescas.  |
| 2. As sombras da noite                                      | 2. Levaba unha sombra de ollos azul.                               |
| 3. Con algunhas sombras, deulle máis profundidade ao debuxo | 3. Non lle faltaban méritos, pero os compañeiros facíanlle sombra. |
| 4. Viu unhas sombras e asustouse.                           |  |

# O conto máis pequeno do mundo

O conto mais pequeno do mundo leva por título “O dinosaurio” e escribiuno Augusto Monterroso. O conto di o seguinte:

*Cando despertou, o dinosaurio aínda estaba alí.*

Que pensades del? Credes que contén todas as características dos contos?

Os nenos e nenas, como se fosen creativos publicitarios, tedes que facer o conto mais pequeno do mundo a partir do conto “La sombra”.

Podedes facer un cartel publicitario con este microconto. Empregade cartolinas e materiais diversos e vistosos. É imprescindible resumir o conto da mellor maneira posible.



A large rectangular area with a dotted border, containing seven horizontal lines for writing.



# A sombra do tempo

Durante séculos, a humanidade mediu o paso do tempo co movemento do Sol. Trazando as liñas horarias nun muro ou nunha superficie horizontal e colocando unha vara, puidose medir o tempo observando o percorrido da sombra.

Aproveitando este coñecemento podedes encher o patio do colexio de sombras que teñan unha utilidade. Aproveitade os farois do patio para crear reloxos solares que vos permitan coñecer a hora. É unha maneira moi sinxela de observar como avanza o Sol ao longo do día.

Mentres decorades a escola con reloxos de Sol podedes pensar nestas cuestións:

- Como credes que se fan as sombras?
- Cando hai sombras máis longas? ou máis curtas?
- Cambian as sombras ao longo do día?

Podedes atopar sombras en cada lugar da escola, da rúa, nas casas, pero tamén atopalas na linguaxe, que é o que vos propoñemos nesta actividade. Imos xogar coa palabra “sombra” a partir das súas letras: utilizaremos cada unha delas como inicio dunha frase para facer microrrelatos.

Amosámosvos un exemplo:

Salvar

Os

Momentos

Baixo

Refuxios

Alleos



### Contos da sombra


Imos reinterpretar a historia de Artasar creando un novo conto.

Trátase de engadir á historia orixinal novos personaxes ou feitos, cambiar o lugar onde se desenvolve a acción, variar o final do conto... de maneira que os rapaces e rapazas podades entrar no universo de Emilia Pardo Bazán, creando contos e historias como verdadeiros escritores.


Esta actividade podedes realizala ben en grupos de 2 ou 3 participantes, ben de maneira individual. Unha vez finalizados os novos contos, recollede todas as historias para crear un libro de contos titulado *Contos da sombra*.

Para completar a actividade podedes levar a cabo o produto final a través da ferramenta multimedia Storybook, que permite elaborar o conto incluíndo historias, textos, sons e escenarios.

Cada grupo de traballo pode votar o mais creativo de todos os redactados.



Le Lièvre.



Le Loup.



Le Lapin.



La Chèvre.





**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**



**Deputación  
DA CORUÑA**